

**Convocatoria 2027
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE
NEGOCIO**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. VALORACIÓN DE EXISTENCIAS (2,5 puntos).

Está a traballar no departamento financeiro dunha empresa con sede en Galicia que se dedica á compravenda de aceite. As existencias dispoñibles o 1 de xaneiro son 1.800 litros valorados a 3,20 euros/litro. Durante o mes de xaneiro realiza as seguintes operacións: o 8 de xaneiro compra 4.000 litros a 4,12 euros/litro; o 12 de xaneiro vende 3.000 litros por 3.000 euros; o 17 de xaneiro compra 5.000 litros a 5,24 euros/litro e o 26 de xaneiro vende 4.500 litros por 30.825 euros.

Ten que realizar a valoración das existencias, resolvendo estes **tres apartados**:

- 1.1.** Elabore a ficha do almacén aplicando o método FIFO (**1 punto**).
- 1.2.** Elabore a ficha do almacén aplicando o método do Prezo Medio Ponderado (**1 punto**).
- 1.3** Tendo en conta a variación dos prezos, que método considera máis idóneo? Razoe a resposta (**0,5 puntos**).

PREGUNTA 2. CONTA DE RESULTADOS (2,5 puntos).

Dados os seus coñecementos económicos, o seu irmán pídelle que calcule o resultado que obtivo no último exercicio económico na consultora da súa propiedade. Pon á súa disposición todos os datos necesarios para o devandito cálculo. Os ingresos derivados da prestación de servizos de consultaría ascenderon a 500.000€. As demais cifras de ingresos e gastos correspondentes ao mencionado exercicio son as seguintes:

Salarios: 180.000€	Intereses pagos por un préstamo: 9.000€
Dividendos: 6.000€	Subministracións: 18.000€
Prima de seguros: 10.000€	Amortización inmovilizado: 60.000€

Ten que darlle a información que solicita, respondendo estes **dous apartados**:

- 2.1.** Clasifique as partidas en ingresos e gastos de explotación e financeiros (**1 punto**).
- 2.2.** Responda un destes dous subapartados:
 - 2.2.1.** Calcule o resultado de explotación e explique o seu significado (**1,5 puntos**).
 - 2.2.2.** Calcule o resultado financeiro e explique o seu significado (**1,5 puntos**).

**Convocatoria 2027
EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE
NEGOCIO**

PREGUNTA 3. A EMPRESA E A SÚA CONTORNA (2,5 puntos).

Como está interesado en cambiar a unha empresa do ámbito tecnolóxico, fíxase en Dron, cuxa actividade é a aviación non tripulada. Esta empresa patentou un modelo de dron de longo alcance e sen emisións para accións de inspección e vixilancia da rede eléctrica. O seu obxectivo é substituír na devandita tarefa os helicópteros tripulados, máis contaminantes e cun alto custo económico e, en ocasións, de vidas humanas. Os drones que utiliza empregan menor cantidade de materias primas na súa construción ca un helicóptero, e a súa propulsión é eléctrica. Dron obtivo a primeira autorización para voos de longo alcance sobre a liña eléctrica en España, o que conseguiu despois dun traballo de máis de catro anos en conxunto con Eléctrica. Na actualidade ten un contrato con Eléctrica, o maior contrato de drones civís en España. De acordo con este contrato, inspeccionaranse os case 40.000 quilómetros de liñas aéreas de Alta e Media Tensión que Eléctrica ten en España ata 2026 e con opción de prórroga ata 2028. O contrato consolida a empresa como líder en inspección de liñas eléctricas con drones de longo alcance en Europa. Neste marco traballa coa Eléctrica para desenvolver os estándares de inspección que se implementarán no resto da industria nos próximos anos. Tamén está nos seus plans o emprego dos drones noutros servizos, como a vixilancia de gasodutos e estradas.

3.1. Identifique no texto a estratexia de innovación e explíquea **(1 punto)**.

3.2. Responda un destes dous subapartados.

3.2.1. Explique que é o crecemento externo e o interno e identifíqueos no texto **(1,5 puntos)**.

3.2.2. Explique que é a responsabilidade social corporativa na área medioambiental e identifique as medidas que neste ámbito se relacionan no texto **(1,5 puntos)**.

PREGUNTA 4. FERRAMENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO E XESTIÓN (2,5 puntos).

Nos últimos meses expúxose a posibilidade de lanzar ao mercado unha colección de camisetas e atopou unha plataforma que pode ser útil para materializar a súa idea. Trátase de Moda, que ofrece un servizo gratuíto para crear unha colección de roupa, só hai que rexistrarse na plataforma e cun proceso sinxelo de deseño baseado nunha serie de eleccións, como as pezas, tecidos ou cores, pódese deseñar unha colección de roupa en poucos minutos. O deseño realízase de forma gratuíta e se o usuario o solicita poden producir as pezas, que o fan elixindo o fabricante máis adecuado entre os seus colaboradores establecidos en España, Portugal e China. Como a produción é baixo demanda, o tempo de fabricación esténdese entre un e tres meses, segundo o número de unidades ou a complexidade de cada colección. O cliente recibe mostras gratúitas das pezas, no caso de que decida a fabricación. Os ingresos deste negocio dependen do número de pezas producidas

4.1. Explique que é un nicho de mercado e identifíqueo no texto **(1 punto)**.

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Identifique no texto o modelo de negocio e explíqueo **(1,5 puntos)**.

4.2.2. Explique que é o «prototipado» e identifíqueo no texto un modelo de «prototipado de bens» **(1,5 puntos)**.

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria**, de 2,5 puntos cada una: la primera sin apartados optativos y las tres siguientes con posibilidad de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. VALORACIÓN DE EXISTENCIAS (2,5 puntos).

Está trabajando en el departamento financiero de una empresa con sede en Galicia que se dedica a la compraventa de aceite. Las existencias disponibles a 1 de enero son 1.800 litros valorados a 3,20 euros/litro. A lo largo del mes de enero realiza las siguientes operaciones: el 8 de enero compra 4.000 litros a 4,12 euros/litro; el 12 de enero vende 3.000 litros por 3.000 euros; el 17 de enero compra 5.000 litros a 5,24 euros/litro y el 26 de enero vende 4.500 litros por 30.825 euros.

Tiene que realizar la valoración de las existencias, resolviendo estos **tres apartados**:

- 1.1.** Elabore la ficha de almacén aplicando el método FIFO (**1 punto**).
- 1.2.** Elabore la ficha de almacén aplicando el método del Precio Medio Ponderado (**1 punto**).
- 1.3.** Teniendo en cuenta la variación de los precios, ¿qué método considera más idóneo? Razone la respuesta (**0,5 puntos**).

PREGUNTA 2. CUENTA DE RESULTADOS (2,5 puntos).

Dado sus conocimientos económicos, su hermano le pide que calcule el resultado que obtuvo en el último ejercicio económico en la consultora de su propiedad. Pone a su disposición todos los datos necesarios para dicho cálculo. Los ingresos derivados de la prestación de servicios de consultoría ascendieron a 500.000€. Las demás cifras de ingresos y gastos correspondientes al mencionado ejercicio son las siguientes:

Salarios: 180.000€	Intereses pagados por un préstamo: 9.000€
Dividendos: 6.000€	Suministros: 18.000€
Prima de seguros: 10.000€	Amortización inmovilizado: 60.000€

Tiene que darle la información que solicita, respondiendo a estos **dos apartados**:

- 2.1.** Clasifique las partidas en ingresos y gastos de explotación y financieros (**1 punto**).
- 2.2.** Responda uno de estos dos subapartados:
 - 2.2.1.** Calcule el resultado de explotación y explique su significado (**1,5 puntos**).
 - 2.2.2.** Calcule el resultado financiero y explique su significado (**1,5 puntos**).

PREGUNTA 3. LA EMPRESA Y SU ENTORNO (2,5 puntos).

Como está interesado en cambiar a una empresa del ámbito tecnológico, se fija en Dron, cuya actividad es la aviación no tripulada. Esta empresa patentó un modelo de dron de largo alcance y sin emisiones para acciones de inspección y vigilancia de la red eléctrica. Su objetivo es sustituir en dicha tarea a los helicópteros tripulados, más contaminantes y con un alto coste económico y, en ocasiones, de vidas humanas. Los drones que utiliza emplean menor cantidad de materias primas en su construcción que un helicóptero y su propulsión es eléctrica. Dron obtuvo la primera autorización para vuelos de largo alcance sobre la línea eléctrica en España, lo que consiguió después de un trabajo de más de cuatro años en conjunto con Eléctrica. En la actualidad tiene un contrato con Eléctrica, el mayor contrato de drones civiles en España. De acuerdo con el mismo se inspeccionarán los casi 40.000 kilómetros de líneas aéreas de Alta y Media Tensión que Eléctrica tiene en España hasta 2026 y con opción de prórroga hasta 2028. El contrato la consolida como líder en inspección de líneas eléctricas con drones de largo alcance en Europa. En este marco trabaja con Eléctrica para desarrollar los estándares de inspección que se implementarán en el resto de la industria en los próximos años. También está en sus planes el empleo de los drones en otros servicios, como la vigilancia de gaseoductos y carreteras.

3.1. Identifique en el texto la estrategia de innovación y explíquela **(1 punto)**.

3.2. Responda uno de estos dos subapartados.

3.2.1. Explique qué es el crecimiento externo y el interno e identifíquelos en el texto **(1,5 puntos)**.

3.2.2. Explique qué es la responsabilidad social corporativa en el área medioambiental e identifique las medidas que en este ámbito se relacionan en el texto **(1,5 puntos)**.

PREGUNTA 4. HERRAMIENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO Y GESTIÓN (2,5 puntos).

En los últimos meses se planteó la posibilidad de lanzar al mercado una colección de camisetas, y encontró una plataforma que puede ser útil para materializar su idea. Se trata de Moda que ofrece un servicio gratuito para crear una colección de ropa, sólo hay que registrarse en la plataforma y con un proceso sencillo de diseño basado en una serie de elecciones, como las prendas, tejidos o colores, se puede diseñar una colección de ropa en pocos minutos. El diseño se realiza de forma gratuita y si el usuario lo solicita pueden producir las prendas, que lo hacen eligiendo al fabricante más adecuado entre sus colaboradores establecidos en España, Portugal y China. Como la producción es bajo demanda, el tiempo de fabricación se extiende entre uno y tres meses, según el número de unidades o la complejidad de cada colección. El cliente recibe muestras gratuitas de las prendas, en el caso de que decida la fabricación. Los ingresos de este negocio dependen del número de prendas producidas.

4.1. Explique qué es un nicho de mercado e identifíquelo en el texto **(1 punto)**.

4.2. Responda uno de estos dos subapartados:

4.2.1. Identifique en el texto el modelo de negocio y explíquelo **(1,5 puntos)**.

4.2.2. Explique qué es el «prototipo» e identifique en el texto un modelo de «prototipo de bienes» **(1,5 puntos)**.